

O PSOE cumpre a palabra dada a Sargadelos, esixindo no Parlamento que a Xunta garanta a viabilidade desta fábrica e os empregos existentes

Tal e como anunciaran hai uns días os deputados autonómicos na Mariña, os socialistas veñen de presentar na Cámara galega unha PNL e varias preguntas para instar ó Executivo de Feijóo a poñer en marcha todas as medidas precisas que garanta a continuidade da empresa, e que asegure a totalidade dos postos de traballo

Val anuncia que esixirán que o PP dé cumprida conta das xestións levadas a cabo pola Xunta para manter a factoría; que explique que organismo foi o encargado de fiscalizar a utilización das axudas concedidas no pasado mandato; e que indique se se cumpriron os requisitos establecidos no Plan de Viabilidade, que posibilitaron a entrega destes fondos

Subliña que “seremos a voz dos traballadores. É de xustiza que Feijóo aclare a todos os mariñanos pero, sobre todo, a todas as familias afectadas se está disposto a mirar polo seu futuro ou, se pola contra, apoia a decisión da dirección de despedir ó 50% da plantilla. A situación é moi clara: o Executivo galego loitará para que esta empresa sexa viable si ou non”

Tal e como se comprometeran hai uns días os deputados autonómicos –Juan Carlos González Santín e José Ramón Val- na reunión que mantiveron cos representantes do comité de empresa de Sargadelos, os socialistas veñen de presentar no Parlamento de Galicia unha proposición non de lei e varias preguntas para que o goberno galego explique detalladamente a que destinou o millón de euros concedido a esta entidade en 2010 (400.000 a fondo perdido e 600.000 a través dun préstamo participativo). Concretamente, os socialistas instan ó Executivo de Feijóo a poñer en marcha todas as medidas e acción precisas encamiñadas a garantir a viabilidade e a continuidade da empresa, así como a asegurar a totalidade dos postos de traballo.

Así mesmo, segundo reconece José Ramón Val, tamén “seremos a voz dos traballadores, polo que tamén demandaremos que o Partido Popular dé cumprida conta das xestións que se están a levar a cabo por parte da Xunta para manter esta factoría; que nos expliquen que organismo foi o encargado de fiscalizar a boa utilización das axudas concedidas no pasado mandato; e que nos digan se se cumpriron os requisitos establecidos no Plan de Viabilidade, que posibilitaron a entrega destes fondos”.

A este respecto, o socialista subraiou que “así nos comprometemos, e así o fixemos. Cremos que é de xustiza que o goberno de Feijóo aclare a todos os mariñanos pero, sobre todo, a todas as familias que dependen desta fábrica se a Xunta está disposta a mirar polo seu futuro ou, se pola contra, apoia a decisión da dirección empresarial de despedir ó 50% da plantilla. A situación é moi clara: o Executivo galego loitará para que esta empresa sexa viable si ou non?, concluíu Val.

É o momento de negociar

O deputado autonómico destacou, tendo en conta que xa está aberto o periodo para as negociacións, é o momento de buscar unha fórmula que garanta o mantemento desta xente. “Isto non é só unha cuestión económica, senón que estamos falando doutro tipo de sensibilidades”, indicou.

A dirección de Sargadelos ten previsto despedir a 70 dos 172 traballadores, sendo a fábrica de Cervo a máis perxudicada. No caso da planta de San Cibrao, contéplase a rescisión do contrato de 41 dos 80 empregados que en total ten a entidade e, na de Sada, 29 dos 83 existentes. Trátase, pois dunha



drástica redución de persoal que pon en risco a esencia dunha factoría na que se seguen elaborando as pezas de unha en unha.

Os directivos da empresa xa comunicaron ós empregados que non queren negociar cos comités por separado, como se fixo cos catro ERES anteriores, dos que tres foron temporais e o cuarto de redución de xornada. As dúas fábricas encadenaron este ano o cuarto exercicio consecutivo en perdas, cuns resultados negativos no seu conxunto de case 270.000 euros, desplomándose así as vendas anuais ata un 20%.

A Mariña precisa un plan de emprego específico

O socialista lamenta que, debido a unha mala xestión por parte da Xunta de Galicia, esta empresa se poida ver abocada ó seu peche, ó igual que o fixeron con anterioridade outras entidades importantes para o tecido socioeconómico e produtivo da Mariña. É o caso de Muebles Hermida, ECAR de Mondoñedo ou o Grupo Mon. Ante esta crítica situación que atravesa a comarca, José Ramón Val destaca a necesidade de que a Xunta de Galicia e o Goberno Central lideren un plan de recuperación do emprego e da actividade económica da Mariña, incluíndo a apertura de liñas de financiamento específicas a conta do IGAPE para todos aqueles autónomos e PEMES da comarca que se atopan atrapados en concurso de acredores, e que, como consecuencia dos mesmos, a súa viabilidade está en risco, así como un plan de choque que fomenta o consumo a fin de evitar o peche de centos de pequenos negocios existentes en toda a comarca.

19 de novembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo